

## Lingua Galega. Unidade - 10. A poesía.

**Vas aprender a...**

- conxugar os tempos verbais
- acentuar as palabras esdrúxulas
- distinguir e escribir r e rr
- empregar palabras polisémicas
- recitar poesía

150

**Repitense os mesmos contidos que en lingua castelá, só cambia o vocabulario, as normas ortográficas non cambian.**

### Antes de ler :

Observaremos as imaxes e irémoslles formulando preguntas, para que imaxinen que debe pasar en cada imaxe. En canto á primeira páxina, podemos preguntar, como exemplo:

– *Quen sae nesta imaxe? Onde está? Que leva nas mans? Que cousas fai o espantallo?*

Por outra banda, mentres observamos a segunda páxina, podemos formular preguntas coma estas:

– *Que personaxe sae na primeira imaxe? Que está facendo? Que se ve pola xanela ( ventana)?*  
– *Que vedes na segunda imaxe? Que fan as nenas? Onde están?*

**1.** Indica se son verdadeiras ✓ ou falsas ✗ as seguintes afirmacións sobre o poema "Espantallo":

- ✗ O espantallo non ten amigos.
- ✓ O protagonista vive á intemperie.
- ✗ Os corvos recitan poemas.
- ✓ O espantallo leva roupa vella.

Na actividade 2 a resposta é persoal. Preguntamos oralmente o que lles gustaría ver ao mirar pola fiestra (ventana= fiestra = ventá).


Facemos a actividade 3 e copiamos no caderno o poema de A PAZ.

## O verbo. Ler ben a gramática.

4. Rodea os verbos das oracións seguintes segundo o código:

-ar      -er      -ir

Á poeta Ana María Fernández gústalle a poesía.  
Escribiu moitos libros de poesía para nenos.  
Lendo os seus poemas aprendemos moitas cousas e divertímonos moito.



Entra no Ximnasio e practica máis exercicios!

156

As palabras esdrúxulas. Ver o vídeo antes dúas veces polo menos.


Enlace de de interés da Normativa do Galego.

[https://gl.wikisource.org/wiki/Normativa\\_oficial\\_do\\_galego\\_-\\_A\\_acentuaci%C3%B3n#Palabras\\_agudas](https://gl.wikisource.org/wiki/Normativa_oficial_do_galego_-_A_acentuaci%C3%B3n#Palabras_agudas)

Palabras con r e rr.


7. Le o texto e rodea de cor vermella as palabras que soan con erre forte e de azul as que soan con erre suave:

A raposa Maruxa dicía que papararía o seu veciño, o rato Mauricio: anoxárase con el. Mauricio deixáralle un caldeiro de lixo na porta. Maruxa arraxou nun carro e levou ao colector.



8. Completa as oracións e despois subliña as palabras que levan erre forte:

Ma...ría pon fo...o nos cade...nos.  
...R...amón quere comer... ca...amelos.  
Lin unha histo...ia ma...abillosa.  
...R...ita come a...oz con ca...acois.



158

Enlace para traballar r e rr.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfrions/es/node/90>

Pasa polo ximnasio para facer máis exercicios. Fai o ditado no caderno como pon no libro.

As palabras polisémicas. Le ben a norma antes de facer os exercicios.

A actividade 10, 12 e 13 teñen unha resposta persoal.

**11.** Rodea as palabras polisémicas que atopas:

O ilustrador deseñou unha pluma de paxaro  
coa súa pluma estilográfica.

A excursión en barco rematou ao cabo de dúas horas  
ao chegar ao cabo de Fisterra.

O rato dos dentes deixoume un rato para o ordenador.

160

Pasa polo ximnasio para facer máis exercicios. Fai o ditado no caderno como pon no libro.

Os poemas.

Ler as veces que sexa necesario antes de contestar.

**14.** Volve ler o poema anterior e contesta:

Escribe a última palabra de cada verso: ruido, autocares, zapatos,  
bulevaros, fala, esquinas, escoita, inclina, ruido, pasan, présa,  
casa.

As últimas palabras de cada verso riman entre elas? Non

Para facer un poema cómpre que rimen os versos? Non

162

Na actividade 15 coloreamos 12 versos, as actividades 16 e 17 teñen unha resposta persoal.

No caderno :

Copia o poema "Tráfico" de Ana María Fernández e intenta memorizalo. Despois, fai un debuxo representativo.

En Aprendemos poesía seguimos as pautas que nos dan para aprender a recitar. Recitamos e cubrimos o Que aprendín?